



## PROXECTO EIXO\_FSE\_POEJ

### ITINERARIO DE SEGURIDADE E MEDIO AMBIENTE. LIMPEZA DE ESPAZOS ABERTOS E INSTALACIÓNS INDUSTRIAIS





## LIMPEZA EN ESPAZOS ABERTOS E INSTALACIÓNS INDUSTRIAIS

A ocupación de maior número de contratos nas zonas rurais provinciais é en postos de traballo para os que non se require cualificación. Co ánimo de non abocar a estes territorios a unha realidade pechada e sen máis alternativas que ocupacións caracterizadas pola precariedade e a temporalidade se diseña un itinerario o suficientemente atractivo a nivel de posibilidades de inserción e se enfoca a súa fase de orientación cara os novos requirimentos de seguridade e conservación do medio ambiente ao tempo que estas labores facilitan unha axeitada xestión e mantemento dos espazos públicos e o axeitado tratamento e respecto da flora e fauna silvestre, eliminando especies invasoras ou de excesivo desenvolvemento ao tempo que se procura unha xestión racional e sostible da eliminación de residuos.

Este posto de traballo se atopa entre as profesións con máis crecemento interanual nos niveis de contratación na provincia de A Coruña, aínda que ben é certo que este tipo de traballadores non aparecen entre os máis demandados na Estratexia Española de Activación para o Emprego, na nosa provincia si mostran inserción laboral, entre as causas, as convocatorias da entidade para subvencionar anualmente postos municipais de brigadas de limpeza de praias ou brigadas de peóns, convocatorias que xustifican por si mesmas a impartición destas accións formativas, de xeito que se facilite á mocidade a súa incorporación ao sector da seguridade ambiental na

1

**OBXECTIVO**

Realizar as labores de limpeza de espazos abertos, instalacións e equipamentos industriais, empregando os medios, útiles e vehículos de tonelaxe inferior a 3.500 quilogramos, axeitados a cada espazo e/ou equipamento para acadar a consecución dun óptimo nivel de limpeza, hixiene e ornato.

súa propia contorna de vida.


Existen colectivos de persoas en situación de desemprego que carecen de formación de base e de cualificación profesional concreta que lles facilite a ocupación dun posto de traballo e un desenvolvemento axeitado da súa vida laboral. Ademais non contan con información



individualizada que lles axude na toma de decisións sobre o sector de actividade no que poderían empregarse de acordo a súas competencias e ou intereses.

Coas accións de orientación e intermediación preténdese facilitar oportunidades de aprendizaxe nas que se integren todas as competencias adquiridas e por adquirir ao longo da formación específica do itinerario personalizado.

Inclúese ademais no itinerario formación en TIC e inglés pola crecente relevancia da mesma en todos os ámbitos profesionais e o desenvolvemento de tecnoloxías aplicadas a equipos e maquinarias a utilizar para o desempeño das labores relacionadas.



Este itinerario pode ser complementario doutras accións formativas formuladas en plans propios de formación para persoas desempregadas dos concellos da provincia: adquisición de competencias clave, preparación para a obtención do graduado en ESO, especialización no sector de actividade, etc. que xunto á orientación que se proporciona para a participación nas convocatorias de recoñecemento da formación non formal e a experiencia permite ás persoas mozas desempregadas formularse un novo futuro, tanto dende o punto de vista académico como laboral.

As accións de apoio neste itinerario deben asegurar a flexibilidade e a polivalencia destas persoas para unha adaptación continua e permanente aos requirimentos dos procesos de traballo.



Esta itinerario irá acompañado obrigatoriamente de formación transversal en materia de igualdade de oportunidades, formación en idiomas e fomento da utilización das novas tecnoloxías da información e comunicación.

ACCIÓN TRANSVERSAIS E COMPLEMENTARIAS			DURACIÓN (horas)
TITORÍAS			7
IGUALDADE DE OPORTUNIDADES			20
LINGUA EXTRANXEIRA (INGLÉS)	A1/A2		50
NOVAS TECNOLOXÍAS	REDES E FERRAMIENTAS		20
	ALFABETIZACIÓN INFORMÁTICA: INFORMÁTICA E INTERNET		25
PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS			60

### ORIENTACIÓN E INTERMEDIACIÓN

O acceso a un posto de traballo cualificado require o desenvolvemento competencial de aspectos persoais e profesionais para que os mozos e as mozas se sitúen favorablemente no ámbito laboral.

O plan de orientación, inserción e intermediación artéllase e ten orixe nas diferenzas entre o perfil inicial de competencias da mocidade participante e as competencias, capacidades e habilidades a adquirir, e desenvolve as accións necesarias para que acade as competencias persoais, técnicas e profesionais que as empresas e entidades necesitan para a consecución dos seus obxectivos empresariais e que determinan os requirimentos que se esixirán ós/ás traballadores/as no ámbito laboral deste sector de actividade.

En consecuencia, o plan de traballo individual ten que definir o contido das accións necesarias para a análise da situación persoal no mercado laboral e permitirlles reflexionar sobre o seu futuro profesional, deseñando e executando un plan de acción personalizado e monitorizado para un mellor posicionamento na procura de emprego por conta allea ou a través do emprendemento, que asegure a estabilidade e o desenvolvemento profesional.

ACCIÓN DE INTERMEDIACIÓN E ORIENTACIÓN	DURACIÓN ACCIÓN COMPLETA (horas)	COMPLEMENTA A ITINERARIO	Nº DE BENEFIC
ORIENTACIÓN: Entreno e desenvolvemento de competencias multifuncionais para o emprego			70
ORIENTACIÓN AO SECTOR PROFESIONAL ESPECÍFICO			30

### AXUDA ECONÓMICA AS PERSOAS PARTICIPANTES NO ITINERARIO.

Está prevista a concesión dunha axuda/bolsa económica ás persoas participantes neste itinerario previsto no proxecto EIXO a fin de incentivar a súa permanencia no mesmo e obter os



obxectivos profesionais e laborais previstos de mellora da cualificación e empregabilidade e de inserción no mercado laboral .

A súa contía máxima ascenderá á cantidade de 2,6 € brutos hora de xornada laboral cumprida.

Aplicaranse as retencións que correspondan segundo a situación persoal de cada un dos mozos e mozas participantes.

### **PERSONAS MOZAS BENEFICIARIAS DA FORMACIÓN.**

Este itinerario e as accións formativas que contempla, vai dirixido a persoas mozas que reúnan os requisitos especificados nas axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de Emprego Xove (axudas AP\_POEJ), todas elas menores de 30 anos e desempregadas da provincia da Coruña, incluídas as persoas con discapacidade, non ocupadas e no integradas nos sistemas de educación ou formación, inscritas na Oficina de Emprego correspondente e rexistradas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xove, e que ademais cumpren os seguintes requisitos:

- Ter cumpridos 16 anos de idade.
- Estar empadroad/a en algún dos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.
- Cumprir cos **requisitos de adscrición** a este itinerario en concreto:

4



## REQUISITOS

Non se exigen requisitos académicos e/ou profesionais para o acceso a esta formación con certificado de profesionalidade de nivel 1

A selección da mocidade participante que cumpra os requisitos esixidos apoiárase na realización de entrevistas polos profesionais que integran a rede técnica municipal, seguindo os criterios técnicos e específicos predefinidos de selección no caso de que existan mais persoas candidatas que unha en cada concello e teranse en conta, para establecer a orden das candidatas, os coñecementos ou a formación previa relacionada con este área e/ou sector de actividade, a experiencia profesional ou en voluntariado, a antigüidade como demandante de emprego e a situación persoal.



Valoraranse criterios específicos como dispoñibilidade para participar e trasladarse a outra localidade, implicación activa nas accións que se desenvolvan ó arredor deste itinerario, motivación persoal, expectativas de desenvolvemento profesional desta ocupación, cualidades, habilidades, actitudes, motivación laboral, carácter emprendedor, etc. que se establecen co fin de poder perfilar a intensidade de traballo do itinerario máis adecuado a cada mozo e moza para acadar a súa inserción efectiva no mercado laboral.

### PROCEDIMENTO:

1. **Inscripción e presentación de solicitudes:** todas as persoas mozas interesadas en participar teñen que entregar a solicitude e a documentación esixida no lugar e prazo establecido polo concello no que estean empadroadas.
2. **Cumprimento de criterios de carácter xeral:** O persoal técnico dos concellos, é o responsable de estimar ou desestimar as inscricións recibidas en función de si a documentación achegada está completa e é correcta. De entre as solicitudes completas e admitidas, realizará unha valoración conforme á documentación aportada e establecerán a ordenación das solicitudes segundo os criterios propios de cada concello.
3. **Entrevista Persoal:** para o caso de que existan mais persoas candidatas que unha en cada concello realizarase unha entrevista a as mozas e mozos que presentaran a solicitude e a documentación completa a achegar con ela, na que se valoren os aspectos xa comentados no apartado anterior, a dispoñibilidade real de participación e asistencia ó itinerario completo deseñado (formación transversal e complementaria), a non existencia de impedimentos a esta participación (eventos familiares, tratamentos ou intervencións cirúrxicas pendentes, etc.) a adecuación da acción práctica solicitada coa traxectoria formativa da persoa candidata e a existencia dun proxecto de diversificación profesional coherente en cada caso.

5

Como resultado deste proceso de selección, as persoas candidatas serán ordenadas por prioridade, e serán admitidas no itinerario por orden de envío da solicitude por correo electrónico en base ó prazo que se asigne dende o equipo técnico do proxecto.

4. **Listaxe definitiva:** A listaxe definitiva de persoas admitidas e suplentes será elaborada polo equipo técnico do proxecto en base ao mantemento do equilibrio territorial, seleccionando primeiro á persoa con maior puntuación de cada un dos concellos que enviaron candidaturas segundo a orde de chegada, para despois seleccionar en segunda rolda, no caso de que sexa necesario, á persoa seguinte en puntuación de cada un dos concellos ata completar a listaxe de participantes e suplentes, estes últimos so poderían incorporarse cando algunha das persoas admitidas





cause baixa e non se supere a porcentaxe de días sen asistencia que non permita a obtención do diploma.

### ÁMBITO TERRITORIAL E SEDE DAS ACCIÓNS DO ITINERARIO

O ámbito territorial de orixe das persoas participantes é coincidente co ámbito territorial do proxecto, no que se circunscriben todos os concellos da provincia da Coruña, excepto aqueles que teñen máis de 50.000 habitantes, A Coruña, Ferrol e Santiago.

A realización das prácticas localizarase nos centros de traballo onde se ubiquen as empresas e/ou entidades públicas da contorna que se adhiran a este itinerario e formalicen un acordo de prácticas.



**LOCALIZACIÓN**



**SEDES PROPOSTAS**

**MUROS  
CERCEDA**



## ANEXOS:

Solicitud de Inscripción  
Historial formativo e laboral





## INSCRIPCIÓN NO ITINERARIO DE SEGURIDADE E MEDIOAMBIENTE

### SEDE DE PREFERENCIA:

#### DATOS PERSOAIS (OBRIGATORIO CUBRIR TODOS OS CAMPOS)

Nome e Apellidos:	
Documento de Identidade:	
Nacionalidade:	Número de afiliación S.S:
Lugar e provincia/país de nacemento:	Data de nacemento:
Muller	Home
Enderezo para efectos de notificacións:	
Concello:	Código Postal:
Teléfono fixo de contacto:	
Teléfono móbil:	
Enderezo persoal de correo electrónico para notificacións:	

#### SITUACIÓNS PERSOAIS ESPECIAIS

	SI	NON	ESPECIFICAR
Rexistro Ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil			
Primeiro emprego			
Reincorporación ó mercado laboral (despois da maternidade/crianza ou coidado de maiores dependentes)			
Data da antigüidade como desempleado/a:	Menos de 1 ano		
	Entre 1 e 2 anos		
	Mais de 2 anos		
Oficina de emprego na que está inscrita/o			
Inscrita/o nalgunha ETT ou bolsa específica de emprego			

FORMACIÓN XUSTIFICATIVA DOS REQUISITOS	MARCAR CUN X A QUE CORRESPONDA	ESPECIALIDADE/OCUPACIÓN/SECTOR E/OU ACTIVIDADE LABORAL
Técnico/a Grado Medio en Formación Profesional Certificado profesionalidade nivel 3		
Estudios Superiores non Universitarios: Ensino Artístico Superior, Ensino Deportivo de Grado Superior, Técnico/a Grado Superior en Formación Profesional		
Diplomatura universitaria, Arquitectura Técnica, Enxeñería Técnica		
Licenciatura universitaria, Arquitectura, Enxeñería		
Doutorado		
Grado		



**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal vixente naqueles artigos que non contradigan o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento de datos persoais é a libre circulación deses datos, informámoslle que os datos recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro de Proxecto FSE, para a elaboración de listados de persoas participantes e datos de contacto así como ao uso posterior das imaxes que poidan ser obtidas como consecuencia da súa participación no proxecto para as accións de comunicación e difusión do mesmo.

Coa inscrición a persoa solicitante autoriza á Deputación da Coruña, como responsable do tratamento de ditos datos, para o seu uso de conformidade cos criterios de calidade e seguridade esixidos pola lexislación vixente. Asimesmo poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición mediante comunicación dirixida ao Proxecto. Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente. Deputación Provincial da Coruña. Av. Do Porto. 15002 A Coruña.

No concello de .....

Declaro de xeito responsable:

- Estar en situación de desemprego na data de inscrición ó proxecto.
- Que estou informado e acepto os requisitos esixidos para ser beneficiario/a do proxecto EIXO\_Estratexia de Inserción Xuvenil
- Que os datos que achego son veraces e están documentalmente acreditados
- Que asumo o compromiso de asistencia regular, de culminación do itinerario unha vez iniciado e de aproveitamento óptimo dos recursos extraordinarios postos á súa disposición
- Que non posúo ningún impedimento físico ou psíquico que me impida o normal desenvolvemento da acción nin da profesión á que vai asociada o itinerario
- Que adquiero o compromiso de comunicar ó/á responsable municipal correspondente calquera cambio da situación persoal nos ámbitos do desemprego (por un contrato laboral) ou da formación regrada/non regrada) durante o período que transcorra entre a data de inscrición e a data do inicio do itinerario (no caso de ser seleccionada/o)

a .....de.....  
.....de 20.....

9

Asdo.

***\*Exclúiranse do proceso de selección todos os formularios que non conteñan a documentación que acrediten toda a información aquí solicitada***



## HISTORIAL DA PERSOA SOLICITANTE

**Nome e Apelidos:**

**Documento de Identidade:**

### FORMACIÓN COMPLEMENTARIA ASOCIADA Á FAMILIA PROFESIONAL

Nome do curso	Nº horas	Entidade	Ano

### PARTICIPACIÓN EN ACCIONS DE ORIENTACIÓN LABORAL

Nome	Nº horas	Entidade	Ano

### FORMACIÓN ESPECÍFICA PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS E PROXECTOS DE FORMACIÓN E INSERCIÓN

Modalidade	Accións nas que participou	Ano
Proxectos do Fondo Social Europeo		10
Escola Obradoiro_Casa de Oficio_Obradoiro		
Programas de Cooperación		
Programas Integrados para o emprego		
Plan AFD		
Outros		

### OBXECTIVOS E INTERESES PROFESIONAIS

<b>Obxectivo profesional</b>	
<b>Posto/s de Traballo ao/s que optaría en relación coa súa formación</b>	
<b>Empresas ou actividade empresarial de preferencia para o desenvolvemento das prácticas</b>	
<b>Preferencia horaria da xornada laboral</b>	
<b>Predisposición aos desprazamentos e ao cambio de domicilio</b>	



\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal vixente naqueles artigos que non contradigan o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento de datos persoais é a libre circulación deses datos, informámoslle que os datos recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro de Proxecto FSE, para a elaboración de listados de persoas participantes e datos de contacto así como ao uso posterior das imaxes que poidan ser obtidas como consecuencia da súa participación no proxecto para as accións de comunicación e difusión do mesmo.

Coa inscrición a persoa solicitante autoriza á Deputación da Coruña, como responsable do tratamento de ditos datos, para o seu uso de conformidade cos criterios de calidade e seguridade esixidos pola lexislación vixente. Asimesmo poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición mediante comunicación dirixida ao Proxecto. Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente. Deputación Provincial da Coruña. Av. de Cádiz nº 1\_1º. 15008 A Coruña.

Asdo.

## OBSERVACIÓNS



### LISTADO DA DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DE REQUISITOS:

Escanear e achegar a través do correo electrónico [eixo.pel@dacoruna.gal](mailto:eixo.pel@dacoruna.gal) nun único envío:

1. Ficha de Solicitud completamente cumprimentada e asinada
2. Ficha de historial cumprimentado e asinado da persoa candidata e CV formativo e profesional.
3. DNI por ámbalas dúas caras
4. Tarxeta ou documento que acredite o número de Afiliación á Seguridade Social
5. Certificado/volante actualizado de empadramento
6. Tarxeta de demanda de emprego debidamente actualizada (non se considerarán as tarxetas de demanda de mellora de emprego)
7. Documento académico que acredite o requisito de acceso
8. Documento que acredite a inscrición no rexistro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (Acceso a zona persoal na plataforma de Garantía Xuvenil e descarga no apartado de "notificacións" do documento, en formato "pdf", que acredita que a persoa solicitante está rexistrada e é beneficiaria do sistema)